



MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO

1. OBXECTO

É obxecto do presente contrato a prestación de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado:

- na atención a persoas voluntarias e a entidades sociais vinculadas ao ámbito do voluntariado da cidade de Vigo, así coma na organización e xestión de eventos sociais, culturais e deportivos; e
- na impartición de formación ás persoas voluntarias e a entidades de voluntariado.

LOTES

- LOTE I “Apoio técnico”:

A prestación de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado na atención a persoas voluntarias e a entidades sociais vinculadas ao ámbito do voluntariado da cidade de Vigo, así coma na organización e xestión de eventos sociais, culturais e deportivos.

- LOTE II “Formación a persoas voluntarias e entidades”

Non se establecen limitacións á participación dos licitadores.

2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

a) Prezo e orzamento base de licitación: O orzamento base de licitación é de **113.675,43**

Realizouse unha aproximación orzamentaria ao custo de prestación do servizo anual, no que se tiveron en conta os gastos estimados previsibles para cada lote:

- **LOTE I “Apoio técnico”:** **82.636,51 €**
 - Conceptos valorados (custes salariais e de seguridade social, medios de comunicación, equipamento informático, desprazamentos a eventos, material de oficina, etc) que deberá ser desenvolvido a cargo do adxudicatario, de acordo co seguinte cadro:

▪ Persoal:	29.469,34 €
• 1 Técnico Titulado grao superior ao 100%	
• 1 coordinador/a Titulado grao superior ao 10%	
▪ Outros gastos e materiais:	2.745,11 €
• Desprazamentos	
• Comunicacions voz e datos	
• Ordenador portátil	

• Material de oficina e papelería	
• Medios de comunicación	
▪ Beneficio industrial:	1.932,87 €
▪ 21% Imposto do Valor Engadido:	7.170,94 €
▪ Prezo anual estimado	41.318,26 €
▪ Prezo do contrato sen prórrogas:	82.636,51 €

Para os cálculos dos custos salariais e de seguridade social a cargo da empresa (do persoal técnico e de coordinación), se teñen utilizado as táboas salariais do “XVII Convenio colectivo estatal de empresas de consultoría y estudios de mercado y de la opinión pública”, publicado no BOE do 06/03/2018; no resto dos gastos referidos ao equipamento informático, comunicacións e material de oficina, se toman como referencia os custos medios de adquisición e de necesidades baseados en servizos administrativos similares, así coma os gastos de locomoción establecidos no convenio referenciado para desprazamentos a actividades.

• **LOTE II “Formación a persoas voluntarias e entidades”:** 31.038,92 €

◦ Formación:	11.000 €
▪ Docente Titulado grao medio ou superior.	
▪ Desprazamentos a 0,17 €/Km.	
▪ Equipos informáticos e de proxección.	
▪ Seguro participantes nos cursos	
◦ Outros gastos e materiais:	1.100 €
▪ Material didáctico.	
▪ Material de oficina e papelería	
◦ Beneficio industrial:	726 €
◦ 21% Imposto do Valor Engadido	2.693,46 €
▪ Prezo anual estimado	15.519,46 €
▪ Prezo do contrato sen prórrogas:	31.038,92 €

Os cálculos dos custes de formación están baseados nun prezo hora estimado de 110 €/hora, prezo estimado conforme a prezos de mercado relacionados con formación especializada relacionada cas actividades de voluntariado e que inclúe o material didáctico e os gastos de locomoción establecidos no convenio referendado no lote I para desprazamentos aos centros nos que se desenvolven as actividades, no resto dos gastos referidos ao equipamento informático (portatil, proxector, etc), comunicacións e material de oficina, se toman como referencia os custos medios de adquisición e de necesidades baseados en servizos de formación especializada similares.

b) Anualidades do prezo do contrato desde o inicio da prestación do servizo (07/12/2022):

	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Aplicación orzamentaria
Lote 1	2.776,76	41.318,26	38.541,49	9251 2279900
Lote 2	1.042,97	15.519,46	14.476,49	9251 2279902
Total	3.819,73	56.837,72	53.017,98	

c) Valor estimado: 187.893,28 (46.973,32 €/ano)

LOTE I “Apoio técnico”:	34.147,32 €
LOTE II “Formación voluntarios e entidades”:	12.826 €

MÉTODO DE CÁLCULO: Esta cantidade é o resultado de descontar o importe correspondente ao



IVE (21%) ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, incluídas as prórrogas e sen modificacións por non estar previstas neste contrato.

3. REVISIÓN DE PREZOS (artigo 103)

Non procede a revisión de prezos.

4. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O prezo do contrato de **113.675,43 €** (IVE incluído de **19.728,8 €**) imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2022 seguinte:

- **LOTE I “Apoio técnico”**: **82.636,51 €** con cargo á aplicación 9251 2279900 “ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS”
- **LOTE II “Formación a persoas voluntarias e entidades”**: **31.038,92 €** con cargo á aplicación 251 2279902 “FORMACIÓN VOLUNTARIADO”

O contrato non supón desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e por tanto non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

5. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago realizarase previa presentación de factura pola adxudicataria e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade do subministro e instalación previstos na cláusula 2 do PPT,

Na data da sinatura electrónica
A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución de 11/04/2022)
Carla Candia Paz

Conforme:
O concelleiro de Cultura e Emprego.- Abel Losada Álvarez